

# NOME CIENTÍFICO

*Thuja spp*

## Descrición:

Trátase de árbores que presentan as follas sempre de cor verde e que acadan unha altura de 3 a 18 metros. O troco é usualmente recto e a súa codia de cor rojizo, habitualmente con profundas fisuras. o seu porte é piramidal e a súa follaxe, densa.

Ao xénero Thuja pertencen só cinco especies.

**Familia:** Cupressaceae

**Orixe:** Rexións temperadas do hemisferio norte

**Nome común:** Tuia, árbore da vida



117

**Os conos** (piñas) son conspicuos e de pequeno tamaño, diferenciándose os masculinos e femininos.



116



118

**As follas** son escuamiformes, o que quere dicir que teñen forma de escamas, como se foran a pel dun réptil, e desprenden un agradable olor.



119

# *Thuja spp*

## *Hábitat*

É orixinaria das zonas chuviosas e frías de Norteamérica e o nordeste de Asia. Pode prosperar nas zonas máis sombrías dos bosques onde é utilizada como refuxio, debido ao seu denso follaxe, por distintas especies. As súas follas son moi utilizadas como alimento polos cervos, tanto é así que en zonas de gran concentración deste herbívoro poden chegar a ser daniñas para as Tuías.

## *Usos ou propiedades*

A súa madeira é moi suave, liviá e aromática, pola que é moi utilizada en ebanistería. Os nativos de Canadá utilizaban infusións das súas follas para combater ao escorbuto xa que se acadan concentracións moi altas de vitamina C. Tamén se utilizaban preparados a partir da súa resina para combater a febre e para subir a tensión arterial. Na actualidade é moi utilizada en parques e xardíns como árbore ornamental debido, en parte, a que non necesita podarse apenas.

## *Categoría IUCN*

Preocupación menor (LC)

## *Curiosidades*

Debido a que presentan sempre unha cor verde, tamén se lles denomina “árbore da vida”. O seu nome, Tuia, deriva do grego “*θυα*” que significa madeira aromatizada. Segundo Plineo, os mobles desta madeira podía acadar verdadeiras fortunas na antigüidade.